

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "A AXENDA 2030, UN RETO LOCAL NUN MUNDO EN TRANSFORMACIÓN IV"

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, Juan Antonio González Pérez, na súa calidade de presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, asociación sen ánimo de lucro, legalmente constituída e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma co número 2004/007565-1, e que intervén neste acto por conta e en representación da devandita asociación no exercicio das facultades que ten atribuídas segundo o artigo 22 dos seus Estatutos.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, de acordo co exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, debe incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento mediante a realización ou financiamento de campañas de concienciación e sensibilización a favor dos pobos máis desfavorecidos, así como fortalecer o tecido galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento.

Segundo.- Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (en diante, Fondo Galego) é unha entidade plural que agrupa a cen concellos e ás Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra (103 entidades locais socias), comprometidos coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na



cooperación cos terceiros países, e que persegue impulsar un maior compromiso de cooperación ao desenvolvemento e a Axenda 2030 das entidades locais, nun marco máis estable e permanente. O Fondo Galego constitúese no ano 1997, produto da vontade integradora, desde unha dimensión galega, das políticas de cooperación ao desenvolvemento no ámbito da Cooperación oficial descentralizada, neste caso desde a Administración local galega. Desde o ano 2000 a Xunta de Galicia, a través do centro directivo con competencias en materia de cooperación ao desenvolvemento, vén traballando co Fondo Galego en numerosos proxectos de cooperación, tanto no ámbito da sensibilización da poboación galega como en proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior.

Terceiro.- Que o Fondo Galego ten por obxecto fundamental configurar un instrumento legal que permita a confluencia e a asociación das vontades libremente expresadas polos seus asociados para desenvolver unha eficaz política de cooperación e de solidariedade dos cidadáns e cidadás dos concellos e provincias de Galicia cos pobos empobrecidos.

Cuarto.- Que o presente ano 2023 o Fondo Galego pretende levar a cabo o proxecto "A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación IV" que se formula como unha cuarta fase do anterior, encaixa coas Liñas Estratéxicas 2020-2023, principalmente co Obxectivo 3: Fomento de alianzas estratéxicas, e co Obxectivo 4: Formar, informar e visibilizar sobre temas de solidariedade, Dereitos Humanos e ODS ás administracións locais galegas.

Quinto.- A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece, como ámbitos de actuación preferente da Cooperación Galega, a educación para a cidadanía global que comprende as actuacións que promoven na sociedade a conciencia de interdependencia global e a responsabilidade compartida a través dun proceso educativo orientado á transformación social e que fomenta a sensibilización solidaria, a concienciación crítica e a mobilización activa da cidadanía na erradicación da pobreza, a defensa dos dereitos humanos, a promoción da cultura da paz e o compromiso coa xustiza social, e o desenvolvemento humano sustentable a nivel local e global. Amais do anterior, as actuacións da Cooperación Galega deberán integrar prioridades transversais -a erradicación da pobreza multidimensional, a igualdade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque

baseado en dereitos humanos, o respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade, a equidade e loita contra as desigualdades, a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

Sexto.- Que á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes segundo o Decreto 73/2022, do 25 de maio, pola que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e en exercicio das súas atribucións segundo o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e na disposición transitoria do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, é órgano superior da Administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento e correspóndelle a execución da actividade europea e da actividade exterior da Xunta de Galicia e, en particular, o impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento e que, como tal, considera axeitado e conveniente contribuír ao fortalecemento desa organización en canto organismo de referencia da Cooperación Galega, non soamente para os axentes implicados na cooperación senón tamén para outros movementos sociais da nosa Comunidade Autónoma, apoiando e incentivando as iniciativas dos concellos e deputacións provinciais que agrupa no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, en especial nas áreas de sensibilización e concienciación da sociedade galega.

A singularidade deste proxecto vén determinada polas accións de fortalecemento da propia organización e as accións de sensibilización e concienciación que proxecta levar a cabo no ano 2023, dando continuidade ás liñas de traballo iniciadas nos anos anteriores, e o establecemento de accións que involucren ás administracións locais galegas na consecución da Axenda 2030 e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentables (ODS).

A especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza da entidade solicitante, creada co apoio da Federación Galega de Municipios e Provincias e da Administración autonómica, e que actúa de canle coordinadora da actuación por parte do municipalismo galego neste ámbito da cooperación, así como a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia,



xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Sétimo.- Que por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Fondo Galego no proxecto denominado "A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación IV".

O proxecto ten como obxectivo promover a implicación dos concellos e deputacións galegas no cumprimento dos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable) da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas, que constitúen o referente para as políticas de cooperación e desenvolvemento e para os instrumentos de financiamento.

SEGUNDA.- Obrigas do Fondo Galego

O Fondo Galego deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Aportar 2.882,08 € para a execución do proxecto.
3. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Fondo Galego comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
8. Xustificar, mediante declaración asinada e previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.
10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.



TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custo total do proxecto que se estima en sesenta e dous mil oitocentos oitenta e dous euros con oito céntimos (62.882,08€), aboará ao Fondo Galego a contía máxima de sesenta mil euros (60.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 06.07.331A.481.2 do orzamento vixente para o ano 2023.

O Fondo Galego poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa comunicación á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

CUARTA.- Pagos anticipados

Tras a sinatura do presente convenio e previa petición do Fondo Galego, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, tendo en conta o carácter sen ánimo de lucro da entidade e a non dispoñibilidade doutras fontes de financiamento que permitan iniciar as actividades, concederá un anticipo pola contía máxima da subvención concedida, de acordo co previsto no artigo 94.3.a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que conleve a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro,



polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- Xustificación do proxecto

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte do Fondo Galego nun prazo máximo de tres meses, a contar desde a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e con data límite do 31 de marzo de 2024.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluirá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente do Fondo Galego.

2ª parte: xustificación económica, que incluirá:

- Certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente do Fondo Galego.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número da factura ou do documento xustificativo, identificación do emisor das mesmas, descrición do gasto, importe en euros e a data e forma de pago dos mesmos.
- Facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que o Fondo Galego indique, mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Con carácter previo á realización da copia, é obrigatoria a



impresión dun selo-dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar «Convenio financiado pola XUNTA DE GALICIA», ano do financiamento, título abreviado do proxecto e a porcentaxe de financiamento que lle imputa a cada financiador. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos en que se faga constar a mencionada dilixencia.

Con carácter excepcional, nos supostos debidamente xustificadas e motivados poderase aceptar a xustificación do pago en efectivo para importes inferiores a 1.000 €, acompañando xustificante do cobro do provedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Para gastos iguais ou superiores a 1.000 € non poderán aceptarse pagos en efectivo, nin a través de cheque.

SIXTA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade

O Fondo Galego obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) o logotipo oficial da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Cooperación Galega deberá figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. O logotipo se poderá descargar da páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/>.



OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, e un representante do Fondo Galego.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento dalgunha das partes.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.



DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas desde o mes de xaneiro de 2023, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DUODÉCIMA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade destas en caso de incumprimento pleno, ou



da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este convenio.

DÉCIMO QUINTA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexeráse polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase electronicamente polas partes na data indicada.

POLA XUNTA DE GALICIA
O VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

POLO FONDO GALEGO DE
COOPERACIÓN E
SOLIDARIEDADE
O PRESIDENTE

Diego Calvo Pouso

Juan Antonio González Pérez

ANEXO

OBXECTIVOS, ACTIVIDADES A DESENVOLVER E FINANCIAMENTO

1.- OBXECTIVOS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Obxectivo específico: Promovida a implicación da administración local galega en materia de cooperación ao desenvolvemento como ferramenta para dar cumprimento á Axenda 2030.

RESULTADO 1.1: Promovida a sensibilización e a formación das administracións locais galegas ao respecto da cooperación ao desenvolvemento e a Axenda 2030.

ACTIVIDADE 1.1.1: Xornadas de sensibilización e formación das administracións locais galegas sobre cooperación ao desenvolvemento e Axenda 2030.

RESULTADO 1.2: Fomentadas as relacións de solidariedade entre o municipalismo galego e os países empobrecidos.

ACTIVIDADE 1.2.1: IV Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía.

2.- RESUMO FINANCIAMENTO

Partidas orzamentarias	Xunta de Galicia	Fondo Galego	Outras Axudas
Axudas de custo, gastos de desprazamento e remuneracións	28.400,00 €		0 €
Actividade de educación para o desenvolvemento	14.115,88 €		
Persoal	17.484,12 €	482,08 €	
Custos indirectos		2.400,00 €	
TOTAIS	60.000,00 €	2.882,08 €	0 €
ORZAMENTO TOTAL PROXECTO	62.882,08 €		